

## ENTREGARANSE O DÍA 9 DE MAIO EN LUGO

# Unha trintena de obras compiten polos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2015

03.04.2015

SANTIAGO. EP

Un total de 31 obras compiten como finalistas nos premios da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), os gañadores da cal daranse a coñecer na Gala das Letras, que terá lugar o día 9 de maio no Círculo das Artes do Concello de Lugo.

Os socios desta entidade foron os encargados de seleccionar os traballos que competirán, finalmente, á mellor obra publicada en 2014 nas modalidades de ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infantil-xuvenil e traxectoria xornalística.

En concreto, na categoría de 'Narrativa', as obras seleccionadas son 'Narrativa '55', de Xavier Queipo; 'A viaxe de Gagarin', de Agustín Fernández Paz; 'Dende o conflito', de María Reimóndez; 'Máscaras rotas para Sebastian Nell', de Alberto Ramos; 'Olympia Ring, 1934' de Xabier López López; e 'Zapatillas rotas', de Xabier Quiroga.

En 'Literatura infantil-xuvenil' as escollidas son 'Escarlatina, a cociñeira defunta', de Leticia Costas; 'Penúltimas tendencias', de Carlos Negro; e 'Tes ata ás 10', de Francisco Castro. Na selección destas obras tamén participaron os membros da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix).

Pola súa banda, na categoría de Poesía compiten 'A distancia do tambor', de Eva Veiga; 'As voces dá máscara', de Arcadio López-Casanova; 'Celebración', de Gonzálo Hermo; 'Dun lago escuro', de Marta Dacosta; e 'Transfusión oceánica', de Xosé Iglesias.

### TEATRO, ENSAIO E TRADUCIÓN

En 'Teatro', as pezas que optan ao galardón son 'Aos Reis Magos non lles gustan os caramelos de menta', de Isabel Freire; 'Lapsus. A comedia de existir', de Alfonso Pexegueiro; e 'Obras completas. Volume IV', de Roberto Vidal Bolaño.

Así mesmo, na categoría de 'Ensaio' as finalistas son 'Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza', de Aurora López e Andrés Pociña; 'Galiza, um povo sentimental? Xénero, política e cultura non imaginário nacional galego', de Helena Miguélez-Carballeira; e 'Leandro Carré. Un século de cultura e compromiso', de Xosé Manuel Maceira Fernández.

Pola súa banda, compiten en 'Tradución' as obras 'A Divina comedia, de Dante Alighieri, en tradución de Darío Xohán Cabana; 'Jude ou escuro', de Thomas Hardy, traducida por María Fe González; 'Tempo de exilio', de Joseba Sarrionandia, en tradución de Isaac Xubín; así como 'Un matrimonio provinciano', da Marquesa Colombi, en traducida por Isabel Soto.

### PERIODISMO E BLOGS

Na categoría de 'Xornalismo Cultural' --na selección da cal tamén participaron os socios do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia-- os escollidos son Alberto Ramos, Blanca-Ana Roig Rechou, Carne Vida e Montse Dopico.

Ademais, compiten ao mellor 'Blog literario' 'Caderno da crítica', de Ramón Nicolás (<http://cadernodacritica.blogaliza.org/>); 'Criticalia', de Armando Requeixo (<http://armandorequeixo.blogaliza.org/>); e 'Versos e aloumiños', de Antonio García Teijeiro e Antón García Fernández (<http://garciateijeiro.blogspot.com.es/>).